



CORONAVIRUS

NOTA INFORMATIVA SOBRE O PECHER TEMPORAL DE INSTALACIÓNS CON PISCINAS CUBERTAS CON MOTIVO DA ALERTA SANITARIA POR COVID19

Debido á emerxencia do coronavirus, o Ministerio da Presidencia publicou o *Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19*, polo que se ordena, no seu anexo, o peche de actividades deportivas, entre outras, as piscinas.

O obxecto desta nota é facilitar aos titulares da instalacións os criterios básicos cos que planificar o mantemento das piscinas durante o período que dure a alerta, de xeito que a auga deteriore a súa calidade o menos posible e se facilite a súa posta a punto de forma mais sinxela no momento en que deixe de ter vixencia a situación de alerta.

Estas recomendacións son independentes do establecido no artigo 11 de Real Decreto 742/2013, sobre control da calidade, no caso de ter o vaso pechado máis de 2 semanas ou despois de peches temporais. Polo que antes de abrila terán que achegar as analíticas regulamentarias.

Esta nota informativa recolle diferentes opcións para este peche temporal de piscinas, que, en todo caso, é unha oportunidade para efectuar operacións de mantemento e actividades como a limpeza do depósito de compensación, hipercloracións do sistema de auga quente ou inspeccións do filtro.

Para os vasos cubertos, existen tres opcións para o peche temporal en relación ao tratamento del auga: manter a recirculación, parala ou baleirar a piscina.

1. MANTEMENTO DA RECIRCULACIÓN:

- Desconectar o sistema de quecemento da auga da piscina.
- Deixar a auga enfriarse naturalmente á temperatura ambiente.
- Manter o sistema de cloración entre 1-2 mg/l e pH de 7.2- 7.4.
- Non engadir floculante.
- Regular a saída de auga cara o sistema de depuración preferentemente polo fondo e polo rebosadoiro para asegurar o movemento de toda a masa de auga.
- Reducir a temperatura do ambiente da piscina en liña coa temperatura da auga (igual ou por riba da da auga).

Ademais nesta opción:



CORONAVIRUS

Diariamente:

- Medir os niveis de cloro e pH
- Axustalos se é necesario.
- Comprobar visualmente o estado da auga da piscina, especialmente a formación de algas en ángulos mortos e esquinas.
- Revisar a altura da auga nos rebosadoiros

Semanalmente:

- Continuar coas limpeza do fondo debido a que as algas proliferan con temperaturas mornas.
- Efectuar unha hipercloración con 10 mg/l de cloro polo menos unha hora co pH a 7.0, se se detecta presenza de algas.

Mensualmente:

- Limpar os filtros
- Efectuar outros mantementos de rutina que se consideren necesarios

2. PARADA DA RECIRCULACION:

- Hiperclorar con cloro a 20 mg/l e pH 7.2-7.4.
- Desconectar a dosificación automática.
- Parar o sistema de recirculación.
- Reducir a temperatura da auga e do aire como no caso anterior.

Ademais nesta opción:

Semanalmente:

- Comprobar os niveis de cloro e pH
- Axustar se é necesario para mantelos de 1-2 mg/l e pH de 7.2- 7.4.
- Poñer en funcionamento as bombas de recirculación e os filtros durante un período de recirculación enteiro (3 horas ou o tempo necesario) para reducir o estancamento.
- Conectar se é posible as bombas polo sumidoiro para prover dun mínimo de movemento e evitar zonas mortas na masa de auga.

3. BALEIRADO DA PISCINA:

- Con carácter xeral, non está aconsellado o baleirado de vasos para preservar a integridade da súa estrutura.



CORONAVIRUS

- Podería facerse se están deseñados para ser baleirados de forma regular e existen procedementos para conseguilo de forma segura.
- Pode utilizarse este peche temporal para realizar as seguintes operacións nas piscinas cubertas:
 - limpeza e desinfección
 - revisión das paredes, fondos e accesorios
 - revisión de sistemas de filtración e desinfección
 - realización de reparacións para o seu correcto funcionamento.

4. NOTIFICACIÓN DE DATOS AO SISTEMA DE INFORMACIÓN NACIONAL DE PISCINAS (SILOÉ):

Para as piscinas incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 119/2019, do 19 de setembro, obrigadas á notificación dos resultados dos autocontrois a través do Sistema de Información Nacional de Piscinas, SILOÉ, o prazo de carga dos resultados anuais relativos a 2019, que finalizaba o próximo 30 de abril, quedou suspendido, establecendo a nova data tope de notificación ata o 1 de xuño de 2020. Para máis información consultar a páxina de SILOÉ: <https://siloe.msssi.es/>

5. REAPERTURA DA INSTALACIÓN TRALO PECHE:

- Previamente a reabrir a instalación, a piscina deberá ser requeitada de forma controlada.
- Aumentarase a temperatura en non máis dun grao centígrado cada catro horas para evitar o crecemento bacteriano exponencial.
- Axustaranse os valores de cloro e pH antes da súa apertura.
- Limparanse e desinfectaranse as superficies con especial atención ás manivelas de portas, taquillas e outros elementos colectivos.
- No caso de ter optado pola parada da recirculación efectuarase unha hipercloración antes da posta en marcha con 50 mg/l de cloro polo menos unha hora co pH a 7.0.
- En todos os casos deberá efectuarse o control inicial da auga dos vasos, que mostre que a calidade da auga se axusta ao establecido no anexo I do Real Decreto 742/2013, do 27 de setembro.
- Achegarase unha comunicación do reinicio da actividade da piscina (código de procedemento SA431C) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).



CORONAVIRUS

En todo caso, débese revisar o potencial de crecemento bacteriano durante o período de peche e analizar as medidas que deben ser postas en marcha para minimizar este risco como resultado da formación de biofilm dentro da piscina, tubaxes e outros compoñentes.

É necesario lembrar que as piscinas serán seguras contra os riscos microbiolóxicos en tanto estean cloradas axeitadamente e operando conforme aos estándares habituais.

Para o caso específico dos SPAS-JACUZZIS DE MENOS DE 5 M³ sinalar que ao estar, en xeral, deseñados para o seu baleirado regular:

- Aumentar o cloro libre ata 5 ppm antes de baleirar o vaso, o depósito e as tubarías asociadas.
- Limpar o spa
- Antes de enchelo hiperclorar con 50 mg/l de cloro polo menos unha hora co pH a 7.0.
- Seguir as recomendacións habituais

6. CONTROL DE LEGIONELLA EN SISTEMAS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA FRIA E AUGA QUENTE SANITARIA (AQS):

En relación co control de legionella das instalacións seguiranse o recollido na Nota Informativa sobre Recomendacións da Consellería de Sanidade para as empresas do sector de control de legionella e os titulares de establecementos durante a situación de alerta polo COVID-19.

7. LIMPEZA E DESINFECCIÓN PREVIA Á APERTURA

Unha vez que se reinicie a actividade da piscina, deberá realizarse unha limpeza e desinfección das áreas comúns, para o que pode seguirse os criterios recolleitos no documento [Recomendacións de hixiene persoal e para a limpeza e desinfección de espazos habitados e vías públicas en relación á pandemia por COVID-19](#), no apartado, 5.8.2. Opcións de limpeza para todo tipo de locais durante a pandemia COVID-19.

As recomendacións incluídas nesta nota informativa están en continua revisión en función da evolución e nova información que se dispoña da infección polo novo coronavirus (SARS- COV-2)

Santiago de Compostela, 3 de abril do 2020